



Premio do público Culturgal 2017 | BASES

A Asociación Culturgal, constituída pola Asociación Galega de Editores (AGE), a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), a Asociación de Empresas Galegas dedicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet), a Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi) e a Asociación Galega de Empresas Musicais (Agem), convoca o Premio do Público Culturgal 2017 de acordo coas seguintes bases.

PRIMEIRA. O Premio do Público Culturgal 2017 institúese coa finalidade de facer público o recoñecemento de proxectos destacados e relevantes para a sociedade e vinculados á cultura galega. Valoraranse especialmente aquelas propostas novidosas, con proxección de futuro, transversais e asociativas, que se relacionen directamente coa sociedade civil e fomenten a súa implicación. A participación do público é clave para a acción cultural en xeral e para a proxección de Culturgal en particular. De aí que a fórmula utilizada para este recoñecemento sexa a votación do público, que terá a última palabra sobre que proxecto é merecedor do recoñecemento.

SEGUNDA. A directiva da Asociación Culturgal será a encargada de seleccionar e propoñer as tres candidaturas que optarán ao Premio. Haberá un único Premio final; no hipotético caso dun empate nas votacións, o Premio do Público será concedido ex aequo.

TERCEIRA. O público é quen elixirá a proposta gañadora do Premio mediante un sistema de votación por Internet –límite dun único voto por IP. En 2017, a través da app Easypromos vinculada a facebook. A proposta de candidaturas será lanzada o día 13 de novembro de 2017 ás 12:00 e o prazo para as votacións estará aberto até o 27 de novembro ás 23:59 h.

CUARTA. A candidatura que acade o maior número de votos será a gañadora do Premio do Público Culturgal 2017. Con ese motivo, a programación da Feira programa un evento específico para facer entrega dun diploma acreditativo o domingo día 3 de decembro ao redor das 17:00 no Recinto Feiral de Pontevedra.